

A/A Consellería de Educación: D. Román Rodríguez González

A/A Xefatura Territorial de Educación de A Coruña: D. Indalecio Cabana Leire

A/A Inspección Educativa A Coruña: D. Francisco Javier Vázquez Caruncho

A Coruña, 28 de Novembro de 2024

ASUNTO: SOLICITUDE DE PERSOAL ESPECIALISTA A.L. E P.T, DE PERSOAL PARA CUBRIR A REDUCIÓN DE XORNADA DO PROFESORADO E A REVISIÓN DOS CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE PERSOAL NOS VINDEIROS CURSOS

Estimados Señores:

A ANPA Monte do Muíño, asociación de nais e pais do CEIPP Novo Mesoiro, diríxese a vostedes en representación da comunidade educativa do CEIPP Novo Mesoiro. Como representación das familias, e co apoio das mesmas, tal e como se pode comprobar coas firmas recollidas no **Anexo I** do presente escrito. Vimos a reivindicar o dereito dos nosos fillos a unha educación digna e inclusiva real, que permita a todo o alumnado vivir, medrar e aprender nun sistema educativo que apoie por igual os rapaces e rapazas independentemente da súa condición.

Desgraciadamente, e a pesar da xuventude da nosa escola, ano tras ano vimos lamentando como as condicións de asignación do profesorado especialista o noso centro non veñen a cubrir as necesidades do alumnad@.

Nos últimos anos, a demanda de profesionais especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe está claramente en aumento, pero esta crecente demanda non vai acompañada do incremento necesario na dotación de profesorado os centros educativos públicos. E crucial o papel destes profesionais especialistas (P.T. = Pedagogía Terapéutica, A.L. = Audición e Linguaxe) no desenvolvemento do alumnado con necesidades educativas especiais, e en consecuencia tamén no desenvolvemento dos seus compañeiros.

O catálogo mediante o que se dota os centros públicos de profesorado A.L. e P.T. e antigo e non está adaptado a situación real. Non pode ser que no ano 2024 se promova a integración real na educación pública e esta non se dote dos recursos necesarios. A dotación de persoal debería estar en parte directamente ligada o volume de alumnado con necesidades especiais dos centros, e non a unha norma que se sustenta no número de aulas dun centro.

Un ano máis, vimos de ratificar que a asignación de persoal o noso centro é insuficiente e, por encima, este curso 2024/2025 sufrimos unha merma moi importante na atención ao alumnado debida a dous motivos principais:

1) Dispoñemos dun menor número de persoal especialista A.L. e P.T. que cursos pasados, xa de por si insuficiente.

A situación do noso centro xa era de por si complicada, dado o alto volume de alumnado con necesidades especiais, sen necesidade de entrar a valorar a gravidade dos diferentes casos que se poden atopar no centro. Precisamente o ano pasado, en relación a un caso grave que estaba afectando moi negativamente ao alumnado, esta ANPA e varios pais de xeito individual, presentaron escrito solicitando maior dotación de persoal o noso centro. A resposta recibida da inspección educativa, lonxe de facilitar a mellora da situación, deixounos nunha situación que soamente se conseguiu sacar adiante coa implicación do noso profesorado e as familias.

Por riba, o noso centro non foi beneficiario do programa PROA+, polo que se nos podería ter concedido un novo profesional P.T. (nin sequera trala reclamación presentada pola dirección do noso centro).

Actualmente dispoñemos de 2 profesores especialistas P.T. e 2 profesores especialistas A.L., dos cales un A.L. ten atención preferente a un alumno (e temos algún caso o que lle foi denegada dita atención preferente).

Esta atención preferente non ve aumentada a dotación de profesorado, como parece que sería de aplicación segundo o sentido común, senón que ven a reducir a dedicación do A.L. ao resto do alumnado.

Para dar atendido o maior alumnado posible, con estes escasos recursos, estanse a dar sesións co profesorado específico en grupo cando a condición do alumnado en moitos casos non permite que obteñan o beneficio necesario destas sesións.

O curso 2023/2024 dispoñíamos dun profesor A.L. máis que este curso, polo que tiñamos unha dedicación horaria semanal de profesorado especialista de 125h. Este curso, temos unha dedicación de 92h/semanais, que supoñen **unha merma de dedicación especialista de 33h/semanais que supón o 26.4%**. Esta merma afecta directamente ao alumnado NEAE (Necesidades Educativas de Apoio Especiais), NEE (Necesidades Educativas Especiais), alumnado con e sen minusvalía, AACC (Altas capacidades), Dislexias, trastornos da linguaxe expresiva, e un largo etcétera, e consecuentemente a todo o alumnado do CEIPP Novo Mesoiro.

2) Dispoñemos de menos horas de atención ou apoio na aula, brindado polo profesorado non especialista.

O noso alumnado sofre directamente as consecuencias de ter reducido a xornada laboral dos seus mestres (que pasaron das 25 a 23h/semana), e non ter aumentado a dotación de

profesorado os centros consecuentemente para cubrir a mesma xornada horaria que o curso pasado.

No noso centro esta merma horaria ven a supor unha **redución total de 64h/semanais, que ven a equipararse a ternos retirado 3 profesores.**

Este feito está afectando consecuentemente e de xeito moi negativo o desenvolvemento da actividade docente, e directamente afecta o apoio en aula que ofrecían os docentes neste horario e que a día de hoxe non teñen dispoñibilidade para prestar.

E tan importante o apoio en aula coma a atención especialista o alumnado con necesidades, para facilitar a tan ansiada integración real e permitir que todo o alumnado, con ou sen necesidades específicas, acaden os seus obxectivos educativos, académicos e sociais.

Como consecuencia directa estamos a sufrir e sufriremos os seguintes problemas:

- O alumnado está en xeral máis irascible e irritable, o que xera un incremento de problemas de convivencia e conflitividade, tanto en horario escolar como en consecuencia nos servizos de conciliación xestionados por esta ANPA (madrugadores, comedor e extraescolares).
- Esta a baixar o rendemento académico do alumnado, xa sexa alumnado con necesidades non atendidas como alumnado sen necesidades especiais identificadas que sofren as consecuencias da merma de recursos.
- O persoal A.L. e P.T., en cumprimento da lei de 8 de setembro, so atende ao alumnado NEE e, no caso de que sobre horario, pode atender o alumnado NEAE cando este presenta necesidades que afectan directamente ao ámbito académico. Este feito afecta directamente a todo o alumnado, porque continúan sendo alumnos con necesidades específicas que non están a ser correctamente atendidas. Por exemplo, problemas de conducta non tratados, AACC que unicamente reciben o reforzo curricular do titor, Dislalias que nunca puideron ser tratadas pola escaseza de recursos, etc.

Por exemplo, problemas de conducta non tratados, alumnado con AACC que recibe unicamente un enriquecemento curricular, dislalias que historicamente non reciben ningún apoio nin dentro nin fora da aula, todo isto debido a enorme carga de alumnado con necesidades específicas. Aínda que consideramos que o alumnado con ditas necesidades tamén precisa en maior ou menor medida un apoio específico, que non pode quedar relegado as posibilidades económicas e apoios privados que as familias poidan atopar, dado que en moitos casos non poden dispor de ditos recursos.

- 26 alumnos do centro, non dados de alta polo Departamento de Orientación, que precisarían directamente apoio específico segundo o recomendado por lei e que dispoñían del o curso pasado non están a recibir este apoio a día de hoxe.
- 14 alumnos con TDAH que só teñen apoio na clase por mestres cando existe dispoñibilidade horaria (non sempre é posible debido os recortes, e porque a dispoñibilidade

horaria vese directamente reducida no caso de ausencia dalgún mestre por enfermidade ou outros).

- 1 alumna non lle foi concedida a atención preferente dun profesional P.T., cando cumpre os requisitos para tela.
- Non se está a cumprir o artigo 73 da Lei LOMLOE que debe garantir que o alumnado con NEAE e NEE acadará os obxectivos con carácter xeral para tódolos alumnos e que para tal efecto as administracións deberán dotar do apoio preciso desde o momento da súa escolarización.
- Co comezo do novo curso, xurdiron tamén novas necesidades de alumnado pendente de valorar. Algunha das valoracións xa realizadas xa fai incrementar o alumnado con necesidades do noso centro, e case con total seguridade, aumentarán novamente coas valoracións realizadas nas próximas semanas.
- A todo o anterior sumase que, xa fai 3 anos, o EOE (Equipo de Orientación Educativa) recomendou dotar dun coidador a un alumno con NEE asociadas a Trastorno de Conduta e TDAH. Non foi nin é posible cubrir o seu horario cun coidador, debido a escaseza de recursos, polo que actualmente a situación está desbordando polas condutas disruptivas asociadas a este NEE.

SOLICITAMOS:

- 1) Que se cumpra o artigo 73 da Lei LOMLOE (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación) e para iso solicitamos a incorporación inmediata de:
 - 2 profesional especialistas de Pedagogía Terapéutica, para cubrir a merma sufrida respecto ao curso pasado e para cubrir a atención preferente solicitada a un alumno o que lle foi denegada, cumprindo os requisitos.
 - 1 profesional especialista de Audición e Linguaxe, para cubrir a merma horaria sufrida respecto ao curso pasado e a atención preferente outorgada a un alumno.
 - 3 mestres de primaria para realizar os apoios necesarios nas aulas e mellorar a convivencia no noso centro. Cubrindo estritamente a redución horaria sufrida polo profesorado do noso centro.
 - 1 coidador para poder atender en condicións ao alumnos NEE para o que así o recomendou o EOE.
- 2) Solicitamos á Xunta que aplique o artigo 71 da LOMLOE, en particular no seu apartado 2, que recolle textualmente *“Corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que requieran una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar necesidades educativas especiales, por retraso madurativo, por trastornos en el desarrollo del lenguaje y la comunicación, por trastornos de atención o de aprendizaje, por desconocimiento grave de la lengua de aprendizaje, por encontrarse en*

situación de vulnerabilidade socioeducativa, por sus altas capacidades intelectuales, por haberse incorporado tarde al sistema educativo o por condiciones personales o de historia escolar, puedan alcanzar el máximo de su desarrollo posible de sus capacidades personales y, en todo caso, los objetivos establecidos con carácter general para todo el alumnado”.

Esta aplicación non pode facerse con recorte de horas de atención en aula por parte de profesorado de apoio, nin con recortes de profesorado especializado nas diferentes necesidades educativas.

- 3) Que se revise, xa de cara o curso 2024/2025, o catálogo de dotación de profesorado especialista os centros públicos. Axustando a norma a situación actual da nosa comunidade e permitindo que tódolos alumnos dos centros públicos desfruten dunha educación digna, integradora e igualitaria, sen discriminación por ningunha condición.

A situación actual perxudica directamente a todo o alumnado do CEIPP Novo Mesoiro, como así subscriben tódolos asinantes que figuran no Anexo I do presente documento, por unha educación pública de Calidade.

Att. Xunta Directiva ANPA Monte do Muíño